



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

CEIP PLURILINGÜE

WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

Avda. do Ferrocarril, 17-19 15007 A Coruña

tfno. 881 96 03 00/02


ceip.wenceslao.corunha@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslaocorunha>



PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

2023 - 2027



CEIP PLURILINGÜE WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ



ÍNDICE

1. Introducción	3
2. Marco legal	4
3. Situación socio-lingüística do centro	5
3.1. Contexto socio-lingüístico do centro	5
3.2. Situación do profesorado	6
3.3. Situación do alumnado	6
3.4. Situación lingüística do centro	6
4. Elección de linguas a empregar no ensino	7
5. Obxectivos xerais das linguas	8
6. Obxectivos específicos de cada lingua	9
6.1. Galego	9
6.2. Castelán	9
6.3. Inglés	10
7. Acordos metodolóxicos e curriculares xerais	11
8. Criterios de avaliación, liñas xerais para todas as linguas	12
9. Medidas de carácter organizativo e curricular adoptadas para as ensinanzas das linguas	12
9.1. Medidas respecto ás linguas oficiais: galego e castelán	12
9.1.1. Medidas adoptadas no centro con respecto ao alumnado estranxeiro en caso de descoñecemento dalgunha das dúas linguas oficiais de Galicia	13
9.2. Medidas de carácter organizativo e curricular que sexa preciso desenvolver no caso de alumnos e alumnas que presenten un déficit lingüístico ou insuficiente dominio da lingua estranxeira	15
10. Obxectivos xerais e liñas de actuación para o fomento da lingua galega	16
11. Avaliación	19



1. INTRODUCCIÓN

O decreto 79/2010 de 20 de maio dedica o seu artigo 14 ao denominado Proxecto Lingüístico de Centro establecendo os seguintes puntos.

1. Cada centro, dentro do seu Proxecto Educativo, elaborará o seu Proxecto Lingüístico cada catro cursos escolares no cal se fará constar:
 - A decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias.
 - As medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.
 - Os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.
2. O Proxecto Lingüístico formará parte do Proxecto Educativo do Centro. Será redactado por unha comisión de profesorado do centro, designada polo Equipo Directivo, oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica. Formarán parte dela, como mínimo, os xefes/as dos departamentos de linguas e o coordinador/a do equipo de dinamización da lingua galega. Será avaliado polo Consello Escolar do centro educativo.
3. Este proxecto remitiráselles cada catro cursos escolares aos servizos de inspección educativa, que velarán para que o seu contido se axuste a este decreto e ao desenvolvemento da Lei orgánica de educación.
4. Anualmente elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:
 - Nos centros que imparten Educación Infantil, os resultados da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
 - En todos os centros en que haxa unha modificación na impartición de materias en linguas estranxeiras, información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola Consellería de Educación.
 - Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.
5. Sen prexuízo do previsto na epígrafe 4 deste artigo, a Administración Educativa avaliará os proxectos lingüísticos dos centros e fará o seguimento dos resultados que se desprendan da súa aplicación coas finalidades de adoptar, se é o caso, as medidas necesarias para garantir que o alumnado adquira de forma oral e escrita a competencia lingüística propia de cada nivel e etapa nas dúas linguas oficiais de Galicia, como establece o artigo 14.3º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.



2. MARCO LEGAL

Referentes legais do documento:

- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa
- ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro.
- Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal de Xustiza de Galicia.
- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan os centros plurilingües na comunidade autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de Centros Plurilingües de Galicia.
- Resolución do 2 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula o programa plurilingüe no segundo ciclo da Educación infantil.



3. SITUACIÓN SOCIO-LINGÜÍSTICA DO CENTRO

3.1 CONTEXTO SOCIO-LINGÜÍSTICO DO CENTRO

O noso centro está situado na cidade da Coruña, no barrio dos Mallos-Estación.



Actualmente ten unha matrícula de 443 alumnos e alumnas.

No contorno do centro, a lingua de uso habitual é maioritariamente o castelán.

Na pregunta realizada ás familias, no inicio do 4º de Educación Infantil, neste curso, sobre a lingua empregada no seo familiar obtemos os seguintes resultados:

Lingua empregada	Número de alumnos/as
Galego	5
Castelán	32
Galego e castelán, con predominio do galego	1
Galego e castelán, con predominio do castelán	1

LINGUA EMPREGADA NO SEO FAMILIAR DO CENTRO





3.2 SITUACIÓN DO PROFESORADO

A lingua habitual do profesorado son ámbalas dúas linguas.

O profesorado segue a normativa legal no emprego das diferentes linguas nas clases e nas actividades formativas.

A competencia do profesorado en lingua galega é, en xeral, boa.

Non obstante, non hai un criterio uniforme no uso da lingua de comunicación entre o profesorado e alumnado. Tampouco o hai nas interaccións entre o profesorado.

3.3 SITUACIÓN DO ALUMNADO

O alumnado usa habitualmente a lingua castelá.

Os contados casos que teñen o galego como lingua de uso habitual na familia, no contexto escolar utilizan o castelán para relacionarse con compañeiros e compañeiras. O uso do galego oral queda relegado ao ámbito académico nas materias impartidas nesta lingua.

Tamén temos, cada vez máis, alumnado procedente doutras comunidades autónomas e doutros países con linguas maternas diferentes ás dúas oficiais na nosa comunidade autónoma.

3.4 SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

Úsase o galego na documentación administrativa e informacións internas do centro.

Todas as comunicacións escritas con alumnado, familias e institucións tamén se fan en galego. Non obstante, algunhas das comunicacións por escrito da ANPA ás familias fanse en castelán.

Temos un fondo de libros na biblioteca e nas aulas, en lingua galega, que convén seguir ampliando e actualizando.

Todos os contidos da nosa páxina web están integramente en lingua galega con frecuentes actualizacións. Tamén os distintos blogs e aulas virtuais.

En xeral, non hai un emprego diario da lingua a nivel oral. Quedando reducido o seu uso as sesións de aula impartidas no noso idioma, na maioría dos casos, e ás actividades planificadas en galego.



4. ELECCIÓN DE LINGUAS A EMPREGAR NO ENSINO

EDUCACIÓN INFANTIL

Na pregunta realizada ás familias ao inicio de 4º de Infantil, tal como establece o punto 2 do artigo 5, sobre a lingua materna predominante foi elixida a lingua castelá por 32 familias e o galego por 5 delas.

No ano 2019/ 20 incorporámonos ao programa de Plurininfantil. Neste próximo curso escolar 23-24, comezamos a impartir nesta etapa, e en cada nivel, unha sesión de música e outra de “Arts and Crafts” semanal en lingua inglesa. O tempo de ensino de lingua estranxeira (inglés) será dun periodo lectivo semanal en cada nivel.

EDUCACIÓN PRIMARIA

Tendo en conta que o idioma das materias troncais xa está establecido por lei, a decisión do centro sobre as materias que se imparten en galego, castelán e inglés quedará despois de ter completamente implantado o Proxecto de Plurilingüismo do centro:

- Música e Danza: galego (3º - 6º) / inglés (1º - 2º)
- Educación Plástica e Visual: galego (1º - 2º)/ inglés (3º - 6º)
- Educación Física: castelán
- Relixión e Proxectos Comeptenciais: galego
- Educación en Valores Sociais e Cívicos (só en 6º de Ed. Primaria): castelán

Distribución na Etapa Primaria de número de horas dedicadas a cada lingua ao remate da implantación do proxecto, curso 2024-2025

Distribución na Etapa Primaria de número de horas dedicadas a cada lingua																		
CURSOS	1º			2º			3º			4º			5º			6º		
LINGUAS	G	C	I	G	C	I	G	C	I	G	C	I	G	C	I	G	C	I
C. da Natureza	3			2			3			2			3			2		
C. Sociais	2			3			2			3			2			2		
Relix./Proxecto Competencial	1			1			1			1			1			1		
Ed. En Valores Cívicos e Eticos																	1	
Música e Danza			1			1	1			1			1			1		
Ed.,Plástica e Visual	1			1					1			1			1			1
EF		2			2			2			2			2			2	
L. Castelá		4			4			4			4			4			4	
L. Galega	4			4			4			4			4			4		
Matemáticas		5			5			4			4			4			4	
Inglés			2			2			3			3			3			3
TOTAL	11	11	3	11	11	3	11	10	4	11	10	4	11	10	4	10	11	4



O proxecto de desenvolvemento do programa plurilingüe nas materias de: Música e Danza, Educación Plástica e Visual, farase do seguinte xeito:

PROXECTO DE DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA PLURILINGÜE			
Cursos	Nivel	Área	Mestre/a
2019 - 2020	4º E. Infantil	Música	Mestre especialista en Música
	1º Primaria	Música	Mestre especialista en Música
2020 - 2021	5º E. Infantil	Música	Mestre especialista en Música
	2º Primaria	Música	Mestre especialista en Música
2021 - 2022	6º E. Infantil	Música	Mestre especialista en Música
	3º Primaria	Plástica	Mestre Cualificado
2022 -2023	4º Primaria	Plástica	Mestre Cualificado
2023 - 2024	5º Primaria	Plástica	Mestre Cualificado
2024 - 2025	6º Primaria	Plástica	Mestre Cualificado

5. OBXECTIVOS XERAIS DAS LINGUAS

- Impulsar e planificar a posta en marcha dun Proxecto Lingüístico global que mellore a competencia lingüística do alumnado tendo en conta o contexto sociolingüístico do centro e coa participación de todo o profesorado.
- Recompilar e unir todo o concernente ao proceso de integración das linguas que se imparten no centro.
- Partir de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, metodoloxías... comúns e consensuadas coa finalidade de que os alumnos aproveiten ao máximo as súas aprendizaxes lingüísticas e desenvolvan ao máximo a súa competencia comunicativa.



- Programar e utilizar estratexias de conversa, animación á lectura, comprensión lectora e expresión escrita en todas as áreas de aprendizaxe que favorezan a competencia comunicativa.

6. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DE CADA LINGUA

6.1. GALEGO

Educación infantil

- Iniciarse na comunicación oral en lingua galega, valorándoa como ferramenta de relación cos demais.
- Achegarse á lingua galega escrita como medio de comunicación, información e gozo a través de soportes diferentes.
- Iniciarse no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.
- Interesarse na escoita de narracións e instrucións lidas por outras persoas en lingua galega.

Educación Primaria

- Estimular unha actitude favorable de cara ao uso do galego, tendo en conta a situación de diglosia das linguas.
- Comprender textos orais diversos procedentes de distintos medios facendo unha correcta interpretación deles.
- Crear situacións , a través de distintas actividades, nas que o alumnado faga uso do galego tanto a nivel oral como escrito.
- Amosar e dar acceso, a través de diferentes medios, á realidade cultural actual galega.
- Dar a coñecer diversos aspectos etnográficos e culturais propios da nosa comunidade a través da lingua propia.
- Desenvolver hábitos de lectura na nosa lingua, en distintos soportes e formatos, como fonte de gozo, formación ou aprendizaxe,
- Usar de xeito progresivo e autónomo as TICs na busca de información, como medio de comunicación ou tratamento de textos en lingua galega.

6.2. CASTELÁN

Educación Infantil

- Uso progresivo da lingua castelá a nivel oral en diferentes situacións comunicativas
- Achegamento a lingua castelá escrita como medio de información e gozo a través de diferentes soportes.



- escoita e comprensión da lectura de diferentes textos en lingua castelá.

Educación primaria

- Comprender discursos orais, escritos e audiovisuais, procedentes de distintos ámbitos do uso da lingua, e interpretalos para responder eficazmente a diferentes situacións comunicativas.
- Expresarse e interactuar oralmente e por escrito en ámbitos de uso próximos a súa experiencia, de forma eficaz con actitude respectuosa e de cooperación, para responder a diferentes necesidades comunicativas.
- Reflexionar sobre as normas básicas do uso das linguas, e aplicarlas en relación cos procedementos de comprensión e produción textuais para favorecer el uso eficaz das mesmas.
- Desfrutar do feito literario, mediante a lectura e a escoita de textos literarios de xéneros diversos, para favorecer o desenvolvemento da sensibilidade estética e do enriquecemento lingüístico .
- Recoñecer a diversidade lingüística do centro e valorar as linguas como medios eficaces de comunicación e como patrimonio cultural, para desenvolver comportamentos lingüísticos empáticos .
- Usar, con progresiva autonomía, as tecnoloxías da información e da comunicación para obter información, comunicarse e cooperar.
- Reflexionar, de maneira guiada, sobre os propios procesos de aprendizaxe para transferir os coñecementos e as estratexias de comunicación adquiridos noutras linguas e materias, e manifestar actitude de confianza na propia capacidade de aprendizaxe para mellorar a competencia comunicativa.

6.3. INGLÉS

Educación Infantil

- Iniciarse no uso oral da lingua estranxeira para comunicarse, en actividades dentro da aula, e amosar interese e goce por estes intercambios comunicativos.
- Adoitar unha actitude positiva cara ás outras linguas e as persoas que as falan.

Educación Primaria

- Iniciarse e perfeccionarse no uso oral da lingua estranxeira para comunicarse en actividades dentro da aula e fora dela e amosar interese e goce ao participar nestes intercambios comunicativos.
- Adoitar unha actitude respectuosa e de cooperación na expresión de gustos, desexos, opinións, sentimentos ou informacións simples sobre un tema.



- Identificar aspectos fonéticos, de ritmo, acentuación e entoación; así como estruturas lingüísticas e aspectos léxicos da lingua estranxeira e utilízalos como elementos básicos da comunicación.
- Adquirir vocabulario preciso para acadar unha expresión axustada.
- Ler de forma comprensiva textos sinxelos en inglés, variados e adecuados, extraendo información xeral e específica.
- Aprender a utilizar, con progresiva autonomía, todos os medios ao seu alcance (por exemplo novas tecnoloxías) para obter información e comunicarse na LE.
- Usar paulatinamente a LE como medio de aprendizaxe de contidos doutras materias.
- Apreciar a realidade plurilingüe do centro e da sociedade como mostra da riqueza cultural.

7. ACORDOS METODOLÓXICOS E CURRICULARES XERAIS

Liñas de actuación para consensuar acordos metodolóxicos e curriculares en todas as linguas que contribúan ao desenvolvemento da competencia plurilingüe do alumnado.

- As avaliacións iniciais anuais que se fan a principios de cada curso escolar servirán para realizar unha análise da competencia comunicativa do alumnado nas diferentes linguas curriculares e das necesidades detectadas.
- Cada ano revisaranse as programacións de área para adaptalas ás necesidades e carencias do alumnado en canto a competencia lingüística detectadas no curso anterior e nas avaliacións iniciais do novo curso.
- Ditas necesidades serán tidas en conta tamén na elaboración dos proxectos que regularmente se levan a cabo no centro coma o Plan TIC, o Proxecto de Biblioteca e Proxecto Lector, Proxecto de Normalización lingüística e Proxecto de Plurilingüismo así coma noutros que puntualmente poidan xurdir para compensar as carencias detectadas.
- O profesorado implicado no ensino das linguas impartidas no centro fará as súas aportacións a través dos distintos niveis, ciclos, etapas ou departamentos para consensuar entre todos uns acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas e por parte de todo o profesorado relativos ao tratamento que se dará aos contidos e criterios de avaliación similares en todas elas.
- Do mesmo xeito se farán propostas de metodoloxía e actividades comúns a todas as linguas para lograr para lograr a devandita competencia plurilingüe.



- Analizárase tamén a competencia lingüística e metodolóxica do profesorado con vistas a compensar as carencias detectadas para o mellor desenvolvemento da súa actividade docente a través da participación en cursos formación no centro ou a través das distintas ofertas do CFR, a nivel de coordinación entre profesores, etc.

8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, LIÑAS XERAIS PARA TODAS AS LINGUAS

- Coñece e utiliza de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolve hábitos de lectura en ambas as linguas.
- Adquire en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- Coñece, aprecia e valora as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia.

9. MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO E CURRICULAR ADOPTADAS PARA AS ENSIANZAS DAS LINGUAS

9.1. MEDIDAS ORGANIZATIVAS RESPECTO ÁS LINGUAS OFICIAIS: GALEGO E CASTELÁN

Educación Infantil

O alumnado é maioritariamente castelán falante, polo que a lingua vehicular nesta etapa é o castelán.

Trátase, de todos xeitos, de que o alumnado se vaia familiarizando coa lingua galega introducíndoa nalgunhas das actividades que se realizan.

Educación Primaria

A situación de referencia lingüística da que parte o centro é un contexto castelán falante maioritariamente. Na finalización da Etapa Primaria o alumnado debe acadar as mesmas competencias nas dúas linguas oficiais. Polo que a lingua oficial que debemos reforzar no ensino é a galega para equilibrar o nivel de competencia.



9.1.1. MEDIDAS ADOPTADAS NO CENTRO CON RESPECTO AO ALUMNADO ESTRANXEIRO EN CASO DE DESCOÑECEMENTO DALGUNHA DAS DÚAS LINGUAS OFICIAIS DE GALICIA.

Tendo en conta a presente lexislación vixente:

- Artigo 32 do decreto 229/2011 Alumnado procedente do estranxeiro é considerado como de necesidades específica de apoio educativo por incorporación tardía ao sistema educativo.
- Orde de 9 de xuño de 2016 que regula a avaliación e promoción de Educación Primaria (avaliación inicial).
- Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bachillerato no sistema educativo, que deroga os artigos 2, 3 e 6 da Orde do 9 de xuño do 2016.
- Orde do 20 de febreiro de 2004 medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro, derogada pola Orde do 8 de setembro do 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 27 de decembro de 2002: condicións e criterios para a escolarización de nenos con n.e.a.e. no ensino non universitario. Artigos 13 e 17 (avaliación inicial), derogada pola Orde do 8 de setembro do 2021

Alumnado procedente de países hispano falantes, con descoñecemento do idioma Galego

Será considerado como alumnado de necesidade de atención específica (Orde do 20 / 02 / 2002), derogada pola Orde do 8 de setembro do 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

No momento da entrada ao centro faráselle unha pre-avaliación por parte do orientador/a do centro, quen informará á Xefatura de estudos dos resultados da mesma acompañada das orientacións oportunas cara a mellor atención das necesidades detectadas.

O alumnado que se incorpore en calquera nivel de Educación Infantil e hasta 4º de Educación Primaria, o alumnado cursará o idioma galego con adaptacións realizadas na aula, utilizando os recursos materiais e metodolóxicos ordinarios e de se-lo caso coa



axuda do profesorado de nivel ou incluso co apoio do profesorado de atención á diversidade.

O alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria terá dereito á exención de nota na materia de lingua galega, pero non así de tela que cursar do mesmo xeito que se citou mais enriba para o resto do alumnado de E. Primaria. Estas normas serán informadas á familia por escrito e serán prorrogables por un ano. Existen no D.O. documentos xa elaborados a tal fin.

Alumnado procedente de países non hispanofalantes, con descoñecemento de ambas linguas

Na Orde do 20 de febreiro de 2004 figuran as medidas de atención específica para este alumnado entre as que figura: (derogada pola Orde do 8 de setembro do 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación).

- A posibilidade de solicitar un Grupo de Adquisición de linguas cunha duración dun trimestre nos 2º e 3º ciclos de Ed. Primaria cuxa solicitude elevará o Equipo Directivo á Inspección Educativa. Este será prorrogable excepcionalmente polo tempo que se solicite e se aprobe por parte da Inspección.
- A posibilidade de solicitar un grupo de Adaptación da competencia curricular.
- O xeito de atender a este alumnado é a través da titoría e da axuda dos recursos que se elaboren desde a titoría, a xefatura de estudos e do Departamento de Orientación que mellor se adapten á realidade do/a alumno/a.
- Contamos con profesorado de Audición e Linguaxe que podería ser útil no caso en que fose necesario.

Nestes momentos non temos alumnado suficiente para a creación destes grupos, nin tampouco dispoñemos de profesorado con horas suficientes para poder atender este tipo de grupos.

No caso en que se producise esa situación, trasladaríamos á Inspección Educativa dito extremo e buscaríamos a axuda necesaria.



9.2. MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO E CURRICULAR QUE SEXA PRECISO DESENVOLVER NO CASO DE ALUMNOS E ALUMNAS QUE PRESENTEN UN DÉFICIT LINGÜÍSTICO OU INSUFICIENTE DOMINIO DA LINGUAS ESTRANXEIRA

Neste apartado trataremos das medidas de carácter organizativo e curricular que sexa preciso desenvolver no caso de alumnos e alumnas que presenten un déficit lingüístico ou insuficiente dominio das linguas.

Medidas a adoitar para a incorporación do novo alumnado que se incorpora ao centro, sen ter recibido ningunha aprendizaxe, ou con gran retraso na aprendizaxe do inglés.

Dadas as posibilidades actuais do centro en canto a recursos humanos, espazos e tempos, polo de agora a incorporación deste alumnado ten que realizarse directamente na aula ordinaria e no horario dedicado ás materias en inglés. O apoio a este novo alumnado, do mesmo xeito, só pode ser realizado polo profesor que imparte a materia en inglés.

No momento da incorporación á aula o profesor da materia fará un estudo previo do nivel en inglés do alumnado. Estará baseado, cando a idade do alumno o permita, nunha pequena conversa da que se obterá información de se recibiu algún tipo de ensinanza en inglés e se así foi, dende cando e cantas horas semanais se dedicaba a esta aprendizaxe.

Ademais da conversa, nos primeiros días na clase de inglés se lle realizará un pequeno estudio do nivel baseado na observación de:

1.- A súa capacidade de comprensión e expresión oral:

- Se non entende e non é capaz de dicir nada en inglés
- Se entende e é capaz de dicir palabras soltas e se o fai con ou sen axuda de apoios visuais
- Se é capaz de entender e producir frases sinxelas e se o fai con ou sen axuda de apoios visuais
- Se é quen de manter unha conversa sinxela referida a temas persoais ou do contorno máis próximo.

2.- A súa capacidade de comprensión e expresión escrita:

- Se non é capaz de ler ou escribir nada en inglés
- Se é capaz de ler ou escribir palabras soltas e se o fai con ou sen axuda de apoios visuais
- Se é capaz de ler e escribir frases sinxelas e se o fai con ou sen axuda de apoios visuais
- Se é quen de ler comprensivamente un texto sinxelo e contestar por escrito a preguntas sobre o mesmo.



- Se é quen de escribir un pequeno texto sobre algún tema persoal ou do entorno próximo.

Tras establecer o nivel do alumno ou alumna se preparará unha serie de medidas individualizadas tendentes á adquisición dun vocabulario de relación e comunicación básico que lle permita, pouco a pouco, ir incorporándose ao ritmo da aula, con metodoloxías e recursos específicos adaptados a cada caso concreto. Este traballo específico terá que realizarse na aula ordinaria co apoio do profesor e, de ser posible, tamén coa axuda dalgún compañeiro-guía; e de forma autónoma, co traballo proposto polos especialistas do centro, ou con algún tipo de apoio, se fora posible tamén, fóra do horario escolar.

A este fin os especialistas de inglés do centro irán preparando materiais axeitados para axudar ao alumnado, segundo o seu nivel, á incorporación á aula de inglés.

10. OBXECTIVOS XERAIS E LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

MARCO LEGAL

O marco legal, para establecer os obxectivos xerais e as liñas de actuación deseñadas para o fomento da lingua galega, será a Lei 3/1983 de normalización lingüística, do 15 de xuño, en desenvolvemento das previsións dos artigos 3.2 e 148.1.17 da Constitución española e o artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia. Na que se establece a obriga dos poderes públicos de garantiren o uso normal do galego e do castelán, así como que o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos.

No Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, preténdese reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos e facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz.

No noso centro queremos conseguir que o galego forme parte da vida do centro como lingua de comunicación viva e útil. Tentando de inculcar ao alumnado actitudes positivas cara a nosa lingua, co obxectivo de conseguir unha boa competencia oral e escrita das nosas linguas oficiais.



OBXECTIVOS XERAIS E LIÑAS DE ACTUACIÓN

O obxectivo xeral é fomentar o emprego da lingua galega entre toda a comunidade educativa, dun xeito positivo, e conseguir que o alumnado acade unha competencia oral e escrita en igualdade co castelán.

Emprego da lingua galega

OBXECTIVO	Empregar a lingua galega como vehículo de expresión nas relacións de carácter oficial.
LIÑAS DE ACTUACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> ➤ As comunicacións coas administracións galegas faranse sempre na lingua propia. ➤ Utilización nas tarefas dos distintos órganos de goberno e docentes. ➤ Utilización para as comunicacións de carácter oficial, a nivel interno, no centro.

OBXECTIVO	Aumentar progresivamente o seu uso nas relacións de carácter non oficial.
LIÑAS DE ACTUACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Emprego da lingua galega en rótulos, carteis e anuncios do centro. ➤ Utilización en comunicados e avisos ás familias. ➤ Seguir fomentando o seu uso na páxina web e Facebook do centro. ➤ Suxerir a ANPA a preferencia de que as comunicacións se fagan no noso idioma. ➤ Realización en galego de actividades ás que teña acceso toda a comunidade escolar, tendo en conta a porcentaxe que establece o Decreto respecto das linguas.

Valoración positiva do uso do galego

OBXECTIVO	Estimular unha actitude favorable de cara ao uso do galego en toda a Comunidade Educativa, tendo en conta a situación de diglosia das linguas.
LIÑAS DE ACTUACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Difusión por medio de diferentes canles (circulares, web, blogs, aulas virtuais...), da información sobre as actividades de todo tipo que se realicen no noso idioma, tanto as organizadas polo centro como as que se xestionen dende o Concello.



	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Uso do galego como lingua vehicular por parte do profesorado en distintas situacións e actividades. ➤ Planificación de actividades que impliquen á comunidade educativa no seu emprego e posta en valor. ➤ Iniciativas para que as familias participen como transmisoras de cultura oral: charlas, contos, obradoiros,...
--	---

Mellora da competencia lingüística do profesorado

OBXECTIVO	Garantir a plena competencia do profesorado para desenvolver a súa labor docente en galego.
LIÑAS DE ACTUACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Manter informado ao equipo docente sobre a normativa que regula o uso da lingua, así como do seu marco legislativo. ➤ Difusión , a través do EDLG de materiais de apoio que faciliten a labor docente na nosa lingua. ➤ Aportación de recursos bibliográficos e dixitais, en galego, para disposición do profesorado.

Mellora da competencia lingüística do alumnado

OBXECTIVO	Crear situacións , a través de distintas actividades, nas que o alumnado faga uso do galego tanto a nivel oral como escrito.
LIÑAS DE ACTUACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Celebración de festas tradicionais no centro: Samaín, Magosto e Entroido ➤ Día das Letras Galegas: realización do festival escolar con diferentes actuacións e realización de traballos e actividades sobre o autor homenaxeado. ➤ Conmemoración do día de Rosalía de Castro no centro.

OBXECTIVO	Amosar e dar acceso á realidade cultural galega.
LIÑAS DE ACTUACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Promover o uso das TIC en relación coa realidade cultural galega. ➤ Asistencia a espectáculos, concertos, obras de teatro,...

OBXECTIVO	Dar a coñecer diversos aspectos etnográficos e culturais propios da nosa comunidade.
LIÑAS DE ACTUACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Realización de actividades e proxectos que favorecen o coñecemento da nosa comunidade, cultura e lingua.



	➤ Saídas polo contorno relacionadas coa lingua e cultura galegas.
--	---

OBXECTIVO	Animar á lectura na nosa lingua
LIÑAS DE ACTUACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Adquisición de material editorial, bibliográfico, audiovisual e didáctico. ➤ Promoción da literatura en galego a través da actividade de “Mochilas Viaxeiras” ➤ Recomendacións ás familias sobre distinta bibliografía en galego. ➤ Promoción de encontros con autores e ilustradores de Literatura Infantil.

11. AVALIACIÓN

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, o Proxecto Lingüístico de Centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar (art 14º). Previamente, realizaremos unha valoración deste na comisión de coordinación pedagóxica, e as propostas que xurdan trasladaranse á reunión de claustro de profesores para o seu debate. O proxecto final expoñeráse no Consello Escolar para a súa aprobación.

Este proxecto remitiráselle cada catro cursos escolares ao Servizo de Inspección Educativa.

Ao longo de cada curso escolar farase un seguimento do PLC para comprobar as deficiencias detectadas e promover as melloras que procedan. Todos estes datos recolleranse na memoria anual que se elaborará no mes de xuño. Esta memoria, elaborada polo EDLG en coordinación cos departamentos das linguas, achegarase á Memoria Anual do centro.

Para a avaliación do proxecto teranse en conta os seguintes criterios:

- Adecuación do PLC ás necesidades reais dos destinatarios.
- Adecuación dos obxectivos previstos aos logros acadados.
- Adecuación das actividades programadas
- Adecuación dos recursos dispoñibles
- Grao de participación da comunidade educativa nas actividades realizadas.

Anualmente elaborárase unha addenda na cal conste:

- Os resultados en Educación Infantil, da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua



materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.

- Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no seguinte curso.
- Se é o caso de que haxa unha modificación na impartición de materias en linguas estranxeiras, informarase sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.